

Poema 1: A brétema

A brétema, ¿tu sabes?, é ceguiña:
os piñeirales pouco a pouco explora,
e anda sempre descalza, e se se espiña,
sangrar non sangra; pero chorar, chora...

Chora copiosamente a pobresiña!
como chorou Xesús, cal chora a aurora,
e en mans do sol é cada lagrimiña
derramada unha estrela brilladora...

Lagrimiñas preciosas!, recollelas
mil veces se me ocorre, para con elas
facer... (se xa non soño, ¿que eu faría?)

¿Unha sarta me pides? Lograreina,
¡como un rei a quixera para unha reinal,
como nunca se ve una xoiería.

NORIEGA VARELA: *Do ermo* (1920)

Poema 2: Toda humilde beleza

Vago xirón de brétema, atavío
soberbio da irta xesta, reidora,
fulgurante doíña de rocío
(pazo do sol e lágrima da aurora);

raiola de luar que bica o río,
flor mareliña que entre espiñas chora,
ou das redes da araña un tenue fío,
toda humilde beleza me namora.

Poema 4: ¡EN PÉ!

¡Irmáns! En pé, sereos
a limpa fronte erguida,
envoltos na brancura
da luz que cae de riba,
o corazón aberto
a toda verba amiga,
e nunha man a fouce
e noutra man a oliva,
arredor da bandeira azul e branca,
arredor da bandeira de Galicia,
¡cantémo-lo dereito
á libre nova vida!
Validos de traidores
a noite da Frouseira
á patria escravizaron
uns reises de Castela.
Comestas polo tempo,
xa afrouxan as cadeas...

Poema 3: Na taberna

Os mozos mariñeiros de fiada
lémbrense rindo alleos de coidados;
cheira a aceite e pemento requeimados
rustido de xurés en caldeirada.

Conta o patrón nun corro a treboada
do ano setenta –historia de afogados-
e empuxándose, inando, entran mollados
os homes dunha “lancha de enviada”.

Pasa de man en man a xerra roiba
de albariño, e namentras cae a choiva
e o vento fai tembrar a casa enteira,

detrás do mostrador clarexa o ceo
nas trenzas de ouro, no mirar sereo,
na sonrisa de luz da taberneira.

R. CABANILLAS: *No desterro* (1913)

É un vermiño de luz o amigo caro
do meu nume saudoso... Antes reparo
na nudez adorable dunha estrela

que nas rosas dos vales, que sorríen,
que nos mantos dos pinos, que se engríen,
que nas blondas do mar, que se rebela.

NORIEGA VARELA: *Do ermo* (1920)

¡Irmáns asoballados
de xentes estranxeiras,
ergámo-la bandeira azul e branca!
¡E ó pé da enseña da nación galega
cantémo-lo dereito
a liberta-la Terra!
¡Irmáns no amor a Suevia
de lexendaria historia,
¡en pé! En pé dispostos
a non morrer sen loita!
¡O día do Medulio
con sangue quente e roxa
mercámo-lo dereito
á libre honrada chouza!
¡Xa está ó vento a bandeira azul e branca!
Berremos alto e forte:
¡"A nosa terra é nosa"!

R. CABANILLAS: *Da terra asoballada* (1917)

Poema 5: HIMNO DE ACCIÓN GALLEGA

¡Irmáns! ¡Irmáns gallegos!
¡Dende Ortegal ó Miño
a folla do fouciño
fagamos rebrilar!

Que vexa a Vila podre,
coveira da canalla,
á Aldea que traballa
disposta pra loitar.

Antes de ser escravos,
¡irmáns, irmáns gallegos!
que corra o sangue a regos
dende a montana ó mar.

¡Ergámonos sin medo!
¡Que o lume da toxeira
envolva na fogueira
o pazo siñorial!

Xa o fato de caciques,
ladróns e herexes, fuxe
ó redentor empuxe
da alma rexional.

Antes de ser escravos,
¡irmáns, irmáns gallegos!
que corra a sangre a regos
dende a montana ó val.

Ramón Cabanillas: *Da terra asoballada* (1917)

Poema 6: A BASILIO ÁLVAREZ

¡Sementador! O trigo dos beirales
mostra as espigas mestas e douradas,
e as segadoras fouces, afiadas,
teñen trágico brillo de puñales.

O teu verbo, estalante nos pinales,
troca, ó chegar ás chouzas das valgadas,
os salaios das gorkas abafadas
en ruxidos guerreiros e triunfales

A aldea érguese co craror da aurora
agardando a sinal, e non sosega
en axexo de loita vingadora.

¡Xa a lus do sol do mediodía cega,
sementador! ¡Sementador, xa é hora
de da-lo berro e comenza-la sega!

Ramón Cabanillas: *No desterro* (1913)

Poema 7: A ROSA QUE SANGRA

A alma é unha roseira
floreceda, coallada
de rosiñas vermellas
e de rosiñas brancas.

Alegrías e penas
son o vento que pasa;
ás veces como un bico,
ás veces trebonada.

Unha bágoa que surde,
unha risa que estala...
¡son rosiñas que caen
da roseira da alma!

Miña nai que me arrola,
un amor que me chama,
a estreliña da gloria
no sendeiro da esperanza...

Cando a vida comenza,
¡cantas rosiñas brancas!

Un filliño que morre,
un amor que se apaga,
a ilusión que se afoga
no remuíño das augas...
¡Cantas rosas vermellas
ó mediar a xornada!

Xa son vello, e o vento,
vento de trebonada
desfolloume a roseira,
a roseira da alma.

Pero esta dor da Terra
ferida e escravizada...
¡que rosiña vermella!
¡como doi!, ¡como sangra !

Ramón Cabanillas: *Da terra asoballada* (1917)

Poema 8: A ROSALÍA

Dúas nais me bican, e me dan arrollo
Unha, a do tempo neno, a pomba aquela
que me acochóu, mimosa non seu colo
c-o xeito homilde da vitú sinxela

Afundido no dór febreante, tolo
chamaba a morte a berros ó perdela
cando ó ler os teus libros jou consolo!
surdiche ti: Contigo tornou Ela!

¡Rosalía ! ¡ña Nai ! ¡miña Santiña!-.....
¡Rosalía ! ¡ña Nai ! ¡miña Santiña!-
¡Mentral-a Rula milagreira escoito

.....

Poema 9

No castelo que se alza nun rochedo da serra,
onde esquece os traballos e os estrondos da guerra,
Rei Artur, fazañoso, xunta os seus cabaleiros,
en virtude os mellores e na loita os primeiros,
amparo dos humildes, espellos de lealdade,
sonados de valentes en toda a cristiandade.

Desque xuntos os vira, ten gran contentamento
e arredor de unha mesa failles honra de asento.
Rei Artur por cabeza, como máis principal,
Gundemaz de unha banda e de outra Parsifal,
soio resta baleiro un sitial enloitado
no que reza este nome: “Galahaz, o Esperado”.

Medianoite por filo, cando o galo cantaba,
Rei Artur ós seus nobres deste xeito falaba:
“El Señor foi servido, descendo do seu trono,
encher de claridade as trebas do meu sono
e faguerme mandado de que os limpos de mal
terán de ir, penitentes, conquistar o SANT GRIAL,
o cáliz do misterio, a copa milagreira
onde a trágica noite da Cea Derradeira,
ardendo en lume sagro, aceso polo amor,
súa sede de martirio apagou El Señor”.
Tales verbas ouvidas, erguéronse os guerreiros
e movidos do Ceo, despiron os aceiros
e na cruz das espadas xuraron de ir á Empresa.

sinto unha dóce man que me acariña!

Dende enton , si ferido dos penares
que ensanguentan a vida con que loito,
pouso a i-alma nas FOLLAS e os CANTARES

¡Rosalía!.....
¡Rosalía! ¡ña Nai ! miña Santiña!...
¡Rosalía! ¡ña Nai ! miña Santiña!...
¡Mentral -a Rula milagreira escoito
sinto unha man que me acariña!

E todo foi pasado en arredor da mesa
e todos eran cheos de fe divina e fonda.
E de entón foron ditos “Os da Táboa Redonda”.
No punto que faguían o sagro xuramento
unha luz de milagre tremelou no aposento
e abatéronse as portas e pareceu no estrado,
onde o asento baleiro, Galahaz, o Esperado.

Sen espada nin casco, sen espora ni escudo,
ten a gracia dun neno, mais o porte varudo,
como espigas de trigo os cabelos doirados,
a cor como de rosas, os ollos azuados
e a cruz sacra, vermella como aberta ferida,
na brancura do traxe, sobre o peito garnida.
Ó ver o cabaleiro e o fermoso claror
todos quedan suspensos e louvan a El Señor.
E Rei Artur ergueuse e pódoo á súa beira
falou a Galahaz. E foi desta maneira:

Rei Artur dixo: Tomade
miña espada, Galahaz,
que outra máis esgrevia e limpa
ninguén a colleu na man.
Galahaz dixo: Non podo
a vosa espada tomar,
que a espada que eu cingurei
do ceo ten de baixar...